

# **REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE POBRA DO CARAMIÑAL. Versión 16 de febreiro de 2017.**

## **LIMIAR**

O Concello é a institución máis próxima á veciñanza e polo tanto, na que esta pode exercer dun xeito máis directo os seus dereitos de participación na toma das decisións que lle afectan, tanto a título individual como colectivo. Asemade, a Administración Local debe darlle o acceso, en condicións de máxima transparencia, a toda a información relativa á xestión e á toma de decisións dos seus representantes.

O concello de A Pobra do Caramiñal entende que o proceso de participación cidadá non pode limitarse á existencia duns marcos normativos e organizativos ou ao recoñecemento formal duns dereitos. Compre, ademais, o compromiso expreso da institución de desenvolver unha política social que garanta a promoción da iniciativa social e o asociacionismo, e procure eliminar os condicionantes, tanto socioculturais como económicos, que veñen dificultando a participación efectiva da poboación

A democracia real non pode limitarse ao exercicio do dereito ao voto cada certo número de anos. A xestión das institucións e dos e das representantes elixidos ten que ter en conta e someterse ao seguimento habitual do electorado, para o que resulta imprescindible o establecemento de mecanismos de información, control e participación na toma de decisións que garantan a incorporación dos veciños e veciñas á xestión municipal.

Por todo isto, establécense mecanismos de información, control e participación na toma de decisións que garanten a incorporación da veciñanza á xestión municipal.

O presente regulamento recolle novas formas de participación pensadas e deseñadas para a realidade actual do noso municipio e plasma as posibilidades contempladas na lexislación vixente, dando rango de norma a prácticas xa habituais e creando outras novas para o exercicio efectivo dos dereitos veciñais.

## **MARCO LEGAL**

O marco xurídico que recolle a participación é amplo e a lexislación numerosa. Dende a Declaración Universal de Dereitos Humanos do 10 de decembro de 1948 ou o Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos, do 16 de decembro de 1966, aprobados ambos pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas, ata as recomendacións do Consello de Europa(Foro sobre o futuro da democracia)e leis estatais ou o Estatuto de Autonomía de Galiza de 1981, que lle asigna aos Poderes Públicos galegos a responsabilidade de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra, sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou

dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos e galegas na vida política, económica, cultural e social.

A tendencia da UE é de reforzar as posibilidades de participación e de incidencia da cidadanía nos gobernos locais, para evitar ou corrixir o afastamento dos e das cidadás da vida pública.

Do mesmo xeito, a lei 57/2003 de 16 de decembro, de medidas de modernización do Goberno Local coas modificacións que introduce na Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, coa nova redacción dos artigos 18 e 24, e a introdución do 70 bis, vén incidir nesta materia, sumándose a outras disposicións legais vixentes (Lei 5/1997, de Administración Local de Galiza), establecendo a necesidade duns regulamentos orgánicos que inclúan uns estándares mínimos que constitúen os mecanismos necesarios para potenciar a participación cidadá e facela efectiva.

O Concello da Pobra do Caramiñal, ao abeiro das disposicións legais vixentes, vai desenvolver unha norma que regule a participación cidadá co recoñecemento expreso dos dereitos dos veciños e veciñas e das entidades nas que se organizan, como as asociacións veciñais, as entidades deportivas, culturais, xuvenís, sindicais, de protección ambiental, de igualdade da muller, profesionais, empresariais, etc. , que desenvolven a súa actividade no Concello.

## REGULAMENTO

### DISPOSICIÓNS XERAIS

#### CAPITULO I

ARTIGO 1.- O obxecto do presente Regulamento é o establecemento das formas, medios e procedementos de información e participación dos veciños, veciñas e entidades cidadás na xestión municipal, de conformidade co establecido nos artigos: 1, 4.1.a), 18, 24, e do 69 ao 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local modificada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, e 251 a 257 da Lei de administración local de Galiza.

ARTIGO 2.- O presente Regulamento pretende acadar os seguintes obxectivos ou principios básicos:

1. Facilitar información desde o Concello sobre as súas actividades, obras e servizos.
2. Facilitar e promover a participación dos veciños e veciñas e entidades na xestión municipal.
3. Achegar a xestión municipal aos veciños e veciñas, facendo efectivos os seus dereitos recollidos no artigo 18 da Lei reguladora das bases de réxime local.

4. Informar acerca dos grandes temas municipais como o orzamento anual, os plans urbanísticos, a creación e modificación de ordenanzas fiscais, os plans sectoriais, os programas culturais, sociais ou de saúde, ou outros que polo seu contido considere conveniente o Concello, ou que foran solicitados polas asociacións incluídas no Rexistro Municipal de Asociacións que se vexan afectadas pola actuación.

5. Fomentar a vida asociativa no Concello da Pobra do Caramiñal.

6. Garantir a solidariedade e o equilibrio entre os distintos núcleos de poboación do termo municipal.

ARTIGO 3.- A participación veciñal poderá exercerse de xeito:

1. Individual, por calquera persoa incluída no censo da Pobra do Caramiñal, con dereito e capacidade legal de exercela.
2. Colectivo, por medio das Asociacións ou Entidades inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e dos Consellos sectoriais ou de áreas.

ARTIGO 4.- En todo o non previsto neste Regulamento estarase ao disposto na lexislación estatal ou da Comunidade Autónoma, en especial na Lei orgánica 2/1980, do 18 de xaneiro, reguladora das distintas modalidades de referendo, e artigo 257 da Lei de administración local de Galiza.

ARTIGO 5.- As persoas con dereito a voto teñen dereito a presentar no seu propio nome ou no dunha Asociación ou entidade debidamente rexistrada, iniciativas e propostas de actuación municipal convenientemente xustificadas.

A través da iniciativa cidadá, os veciños/as poderán solicitar do Concello a execución dunha determinada actividade de competencia e interese público municipal.

As solicitudes apoiadas por un 10% ou máis do censo, mediante sinaturas identificadas e DNI, serán de inclusión e debate obrigatorio no Pleno municipal, sen prexuízo de que sexan resoltas por órgano competente por razón da materia, e requirirán informe previo da Secretaría Xeral, así como informe da Intervención Xeral cando afecte a dereitos e obrigas de contido económico do Concello.

O Concello, a través da Concellaría correspondente, dará resposta a cantas iniciativas sexan presentadas comunicando ao asinante da proposta a aceptación ou desestimación da mesma.

O Concello poderá requirir a quen presente unha iniciativa cidadá a achega de información complementaria cando o considere necesario, e mesmo a presenza da persoa/s asinante/s ou representante/s da mesma na comisión informativa que entenda da proposta.

As iniciativas poden levar incorporada unha proposta de consulta popular local, cun mínimo de sinaturas de veciños e veciñas non inferior ao 10% do censo electoral, que

será tramitada en tal caso polo procedemento e cos requisitos previstos no artigo 71 da LRBRL.

ARTIGO 6.- O Concello incluírá nos orzamentos anuais as partidas necesarias para levar a cabo as iniciativas cidadás aprobadas.

## CAPITULO II DA CONSULTA CIDADÁ

ARTIGO 7.- O Concello, seguindo o acordo por maioría absoluta do Pleno e ao abeiro do Artigo 71 (Lei 7/1985 de 2 de abril), poderá someter a consulta popular os asuntos da competencia propia municipal e de carácter local que sexan especialmente relevantes para os intereses da veciñanza , agás os relativos á Facenda Local.

A consulta popular , preverá en todo caso:

1. O dereito de toda persoa censada no Concello a ser consultada.
2. O dereito a que a consulta exprese as posibles solucións coa máxima información escrita e gráfica posible.

ARTIGO 8.- Corresponde Ao Concello realizar os trámites pertinentes para a celebración da consulta popular sobre materias da súa competencia.

## CAPÍTULO III DO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓN S

ARTIGO 9.- O Rexistro Municipal de Asociacións é o órgano encargado de identificar e controlar o número de entidades existentes no termo municipal, así como de facilitar as relacións entre estas e o Concello, coñecer os seus fins e a súa representatividade e peso específico, aos efectos de posibilitar o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, baixo os criterios de obxectividade, imparcialidade e igualdade.

ARTIGO 10.- O Concello creará e manterá actualizado o Rexistro Municipal de Asociacións, onde se inscribirán todas aquelas entidades legalmente constituídas de funcionamento democrático e sen ánimo de lucro, con domicilio social dentro do municipio e cuxo marco territorial de actuación sexa o Concello de A Pobra do

Caramiñal, e que teñan como obxecto fundamental a defensa, fomento e mellora dos intereses xerais ou sectoriais dos cidadáns e cidadás.

ARTIGO 11.- A inscrición no RMA é requisito imprescindible para o pleno exercicio dos dereitos recoñecidos ás asociacións neste Regulamento.

ARTIGO 12.- O RMA estará ao cargo da Secretaría do Concello e os seus datos serán públicos.

As solicitudes de inscrición presentaranse polas entidades interesadas no Rexistro do Concello, debendo aportar a seguinte documentación:

1. Estatutos da Entidade.
2. Número de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións e noutros rexistros públicos.
3. Identificación das persoas que ocupan cargos directivos.
4. Enderezo Social e cédula de identificación fiscal.
5. Orzamento do ano en curso.
6. Programa de actividades do ano en curso.
7. Certificación do número de socios.
8. Acta ou certificación, de acordo coa normativa, da última asemblea xeral de socios, ou dun órgano equivalente, na que fose escollida a xunta directiva vixente no día da inscrición.

ARTIGO 13.- No prazo de 15 días dende a solicitude de inscrición, agás que este se interrompa pola necesidade de aportar documentación non incluída inicialmente, o Concello notificará á asociación o seu número de inscrición e a partir dese momento considerarase de alta a todos os efectos.

ARTIGO 14.- As asociacións inscritas están obrigadas a manter os seus datos actualizados, notificando cantas modificacións se produzan no prazo dun mes. O orzamento, o balance económico do ano anterior e o programa anual de actividades comunicaranse durante o primeiro trimestre de cada ano.

ARTIGO 15.- Serán causa da cancelación da inscrición:

- a) O incumprimento das obrigas contempladas nos artigos anteriores
- b) A disolución da asociación, por calquera causa.
- c) A perda dalgunha das condicións para ser inscritas.

## CAPITULO IV

### DEREITOS DAS ENTIDADES REXISTRADAS

ARTIGO 16.- Sen prexuízo do dereito xeral de acceso á información municipal recoñecido a todos os cidadáns e cidadás, as entidades rexistradas gozarán, previa solicitude, dos seguintes dereitos:

1. Recibir información ,no seu enderezo social, das convocatorias así como dos acordos e resolucións dos órganos colexiados municipais cando afecten ao obxecto social da entidade e esta cumpra as normas establecidas para a súa recepción. Por razóns de axilidade, a información ao que se refire o presente artigo será remitida preferentemente por medios electrónicos.
2. Acceder ao uso dos medios públicos municipais, especialmente locais sociais e medios de comunicación, coa limitación da coincidencia de uso ou necesidade polo propio concello. En todo caso, responsabilizaranse de que ao rematar a súa actividade, as instalacións e o material empregado sexan devoltos no mesmo estado en que se recibiron
3. Realizar propostas relacionadas cos temas que afecten ao seu núcleo de poboación, sector ou de interese xeral, presentándoas por escrito para a súa tramitación e resolución polos órganos competentes.
4. Intervir nas comisións informativas, nas mesmas condicións ca no Pleno da Corporación, cando na orde do día figuren asuntos que afecten a estes colectivos, solicitándoo previamente da Alcaldía e especificando a representación do colectivo a intervir.
5. Intervir no Pleno da Corporación, na quenda de rogos e preguntas.

ARTIGO 17.- As asociacións inscritas teñen dereito a propor ás persoas que as representan nos consellos de administración e noutros órganos executivos dos padroados, sociedades, empresas públicas, fundacións, organismos autónomos e demais fórmulas de xestión dos servizos públicos municipais, de acordo co establecido nos regulamentos ou estatutos respectivos.

ARTIGO 18.- O orzamento municipal incluírá unha partida destinada especificamente ao fomento do Asociacionismo. Nas bases de execución dos presupostos, así como no Regulamento de subvencións incluíranse os criterios obxectivos de distribución de axudas ás entidades, que deberán ser xustificadas.

## CAPÍTULO V

### DOS CONSELLOS SECTORIAIS OU DE ÁREA

ARTIGO 19.- Os Consellos Sectoriais son órganos de participación e información da xestión municipal, referidos aos distintos sectores de actuación e competencia do Concello.

ARTIGO 20.- O Pleno do Concello establecerá consellos sectoriais para cada un dos sectores ou áreas da actividade municipal, coa finalidade de canalizar a participación da cidadanía e as súas asociacións nos asuntos municipais.

ARTIGO 21.- A composición, organización, ámbito de actuación e réxime de funcionamento dos consellos sectoriais serán establecidos no correspondente acordo plenario. En todo caso, cada consello estará presidido polo/a Alcalde/sa, ou membro da Corporación en que delegue, como presidente/a executivo/a. A vicepresidencia recaerá necesariamente nun/ha representante cidadán/á.

ARTIGO 22.- Unha vez constituído o consello sectorial, e antes da súa posta en funcionamento, por acordo do Pleno da Corporación dotarase dun regulamento interno de funcionamento axustado ao previsto para os órganos colexiados no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, na Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei de Réxime Xurídico do Sector Público, que deberá ser ratificado polo propio Pleno.

ARTIGO 23.-

1. As funcións dos Consellos Sectoriais están referidas exclusivamente ao seu ámbito de actuación específico.

2. En todos os consellos sectoriais ou de área, poderá acudir un membro de cada grupo político con representación no Concello, elixido por cada organización, con voz pero sen voto.

## CAPÍTULO VI

### DA INFORMACIÓN MUNICIPAL

ARTIGO 24.- Para informar da súa xestión, o concello utilizará os medios de comunicación social, a páxina web municipal, e a edición e exhibición de publicacións, folletos e bandos, a colocación de carteis, valados publicitarios, taboleiros de anuncios, paneis informativos ou cantos outros medios se consideren necesarios e estean ao seu alcance.

Poderá recoller a opinión da veciñanza e entidades a través de campañas de información, debates, asembleas, reunións, consultas, enquisas e sondaxes de opinión.

ARTIGO 25.- O goberno habilitará os recursos necesarios para dar información e para o rexistro de instancias, iniciativas, queixas e reclamacións, coas seguintes funcións:

1. Procesar a actividade relacionada coa información a que se refire o Artigo 24 e calquera outra orixinada polo Concello.
2. Informar dos fins, competencias e funcionamento dos distintos órganos e servizos dependentes do Concello, así como dos órganos e servizos doutras Administracións conexas.
3. Informar sobre o estado da tramitación administrativa dos expedientes e realizar o seu seguimento nos termos da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso a Información Pública e Bo Goberno.

O rexistro para a participación cidadá poderá compartir recursos co rexistro xeral do Concello.

ARTIGO 26.- Os veciños e veciñas teñen dereito a:

1. Identificar as autoridades e o persoal responsables da tramitación dos expedientes na administración local.
2. Obter copia selada dos documentos que presenten, proporcionándoa xunto cos orixinais, así como que estes sexan devoltos agás cando teñan que constar no procedemento.
3. Coñecer en todo momento o estado da tramitación dos expedientes nos que teñan a condición de interesadas/os e obter copias dos documentos que o compoñen.
4. Utilizar o idioma galego nas súas relacións co Concello da Pobra do Caramiñal.
5. Formular e proporcionar en tempo e forma alegacións e documentos ao respecto dos procedementos nos que teñan a condición de interesadas/os, de xeito que sexan tidos en conta polo órgano competente antes de redactar a proposta de resolución.
6. Solicitar e recibir información e orientación nos requisitos xurídicos ou técnicos relativos aos proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar.
7. Acceder aos rexistros e arquivos da Corporación Local nos termos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a Lei 19/2013, de 9 de novembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e demais normativa sobre a materia.
8. Obter copias e certificacións acreditativas dos acordos da Corporación local e os seus antecedentes.
9. Ser tratadas/os con respecto e deferencia polas autoridades e persoal municipal, que lles facilitarán o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas.
10. Esixir responsabilidades da Corporación Local.



11. Exercer a Iniciativa popular presentando propostas de acordo, actuacións ou proxectos no ámbito das competencias municipais, de acordo coas disposicións contidas neste Regulamento.

12. Exercer calquera outro que lles recoñezan a Constitución, o Estatuto de Autonomía e as leis.

#### ARTIGO 27.-

1. As solicitudes a calquera órgano do Concello en pedimento de aclaracións ou actuacións municipais serán cursadas necesariamente por escrito, preferentemente mediante o uso da sede electrónica do Concello.

2. As respostas respectarán os termos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo.

3. Se a solicitude recolle unha proposta de actuación municipal, o seu destinatario/a informará ao/á solicitante do trámite que se lle teña que dar. Se a proposta chega a tratarse nalgún órgano colexiado municipal, quen actúe de secretario/a deste enviará, ao/á propoñente, no prazo máximo de 30 días, copia da parte correspondente da acta da sesión. A/O presidenta/e do órgano colexiado poderá requirir a presenza do/a autor/a da proposta na sesión que corresponda, co fin de que a explique e defenda por si mesmo/a.

### CAPITULO VII

#### DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ NOS ÓRGANOS MUNICIPAIS

#### ARTIGO 28.-

1. As sesións do Pleno son públicas, agás nos casos previstos no artigo 70.1 da Lei reguladora das bases de réxime local e 253 da Lei de Administración Local de Galicia. Facilitarase a asistencia ou información simultánea de todo o público interesado en coñecer o desenvolvemento das sesións, a través dos medios máis axeitados ao caso.

2. A convocatoria e orde do día das sesións do Pleno transmitiranse aos medios de comunicación social que posúe o Concello, así como aos medios de comunicación locais. Da mesma maneira, quedarán colgados estes documentos no taboleiro de anuncios do Concello.

Os medios de comunicación social terán acceso preferente e recibirán facilidades para cumprir co seu traballo.

3. Co obxecto de facilitar o acceso á información dos veciños e veciñas, os medios de información municipais, se os houbera, darán a máxima cobertura,

informando en directo das sesións dos plenos municipais e repetindo a información 24 horas máis tarde.

#### ARTIGO 29.-

1. Os veciños e veciñas con dereito e capacidade legal poden, en nome propio ou en representación das asociacións ou entidades inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, efectuar unha exposición perante o Pleno en relación con algún punto da orde do día, durante o tempo sinalado pola Alcaldía e con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta. Previamente, cando menos con setenta e dúas horas de antelación se o Pleno é ordinario, e na mesma data de celebración se fora extraordinario, deberá rexistrar solicitude dirixida á Alcaldía, incluíndo motivación razoada do pedimento e os datos persoais de quen vai realizar a intervención. A exposición realizarase nunha única intervención, que non superará os 5 minutos. A Alcaldía pode limitar o número de intervencións para garantir o normal desenvolvemento do Pleno.

2. A Alcaldía, mediante resolución motivada e no prazo máximo de 24 horas dende a presentación do escrito de solicitude de participación, poderá non admitir as peticións de participación cando estas non cumpran o disposto no presente artigo.

#### ARTIGO 30.-

Todas as persoas que estean empadroadas no Concello ou desenvolven a súa actividade económica no mesmo, e así como os representantes das asociacións ou entidades inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, terán dereito a intervir nos Plenos Municipais na quenda pública de rogos e preguntas sobre temas concretos de interese municipal que terá lugar ao remate da sesión plenaria.

##### 1. Requisitos das intervencións

- a. O número de intervencións por Pleno ordinario non excederá de cinco.
- b. Os rogos e preguntas serán breves e concretos e deberán referirse a cuestións relativas a asuntos de interese municipal.
- c. Poderán rexeitarse os rogos e preguntas que poidan formularse a través doutros canais máis apropiados, os que non se refiran a asuntos de interese municipal, os que por motivos técnicos teñan que ser contestados por escrito e os xenéricos ou indeterminados. Estas circunstancias poñeranse en coñecemento das persoas interesadas antes da celebración da sesión ordinaria do Pleno.
- d. Cando unha solicitude de intervención sexa aceptada ou rexeitada non se poderá presentar outra sobre o mesmo tema nun prazo dun ano, agás que sexa complementada con novos datos de relevancia.
- e. A aceptación ou rexeitamento das solicitudes de intervención corresponderá á Presidencia do Pleno.

## 2. Presentación da solicitude de intervención no Pleno

- a. As persoas que desexen intervir na quenda pública de rogos e preguntas deberán cumprimentar o impreso de solicitude de intervencións no pleno, dirixida á Presidencia do Pleno, e que conterà:
  - i. A identificación completa da persoa ou entidade solicitante, con indicación dunha dirección de correo electrónico e expresa aceptación do mesmo a efectos de notificación, ou, noutro caso, con indicación dun domicilio aos mesmos efectos. No caso de que a persoa que presenta a solicitude sexa distinta da que vai a participar no Pleno, deberá identificarse igualmente a esta segunda.
  - ii. O rogo ou pregunta que desexe formular.
- b. A presentación da solicitude poderá realizarse:
  - i. De modo presencial, no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos lugares sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
  - ii. De modo telemático, no Rexistro Electrónico Xeneral, a través da Sede electrónica do Concello.
- c. A solicitude deberá recibirse cunha antelación mínima de sete días hábiles á celebración da sesión do Pleno ordinario no que pretenda expoñerse o rogo ou pregunta.
- d. Só se admitirá un rogo ou pregunta por solicitante. No caso de que se formulasen varios rogos ou preguntas nunha mesma solicitude, atenderase unicamente á primeira das formuladas.

## 3. Ordenación e selección dos rogos e preguntas

As solicitudes de intervención no Pleno ordenaranse na Secretaría Xeral por rigoroso orde de entrada.

## 4. Intervención na quenda de rogos e preguntas

- a. Rematada a sesión do Pleno, a Presidencia abrirá unha quenda de rogos e preguntas sobre temas concretos de interese municipal.
- b. Corresponde á Presidencia ordenar e pechar esta quenda.

- c. Cada rogo ou pregunta deberá ser presentado por unha única persoa. No caso de corresponder a un colectivo, intervirá no seu nome un único representante do mesmo.
- d. Cada intervención terá unha duración máxima de tres minutos.
- e. Non se permitirán expresións que inclúan descualificacións, que sexan ofensivas ou inxuriosas cara a persoas ou entidades, correspondendo á Presidencia a potestade de retirar o uso da palabra.
- f. As intervencións faranse desde o escano cidadán, que será posto a disposición da veciñanza na primeira sesión plenaria na que se exercite o dereito de intervención.
- g. A Presidencia ordenará, no seu caso, as intervencións do Goberno e a oposición que se produzan a propósito de cada unha das intervencións.

## 5.Publicidade

A efectos da súa publicidade, publicarase o contido íntegro do pleno na páxina web do Concello.

ARTIGO 31.- As sesións da Xunta de Goberno ou as comisións informativas non son públicas. Non obstante, ás sesións destas últimas poderá convocarse a persoas ou representantes das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza, co único efecto de escoitar o seu parecer ou recibir o seu informe nun tema concreto.

ARTIGO 32.- Poderán ser públicas as sesións dos demais órganos complementarios e entidades municipais, nos termos previstos na lexislación e nas regulamentacións ou acordos plenarios polos que se rexan.

ARTIGO 33.- O Concello informará aos órganos municipais e medios de comunicación social da convocatoria e orde do día das sesións do Pleno. Tamén se publicarán no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal. Sen prexuízo do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, o Concello dará publicidade ás Actas das sesións plenarias e a todos os acordos do Pleno, das resolucións da Alcaldía e das súas delegacións. A este efecto pódense utilizar un ou varios dos medios incluídos na listaxe seguinte, que non é excluínente:

1. Taboleiro de anuncios do Concello
2. Páxina web municipal
3. Consulta en Arquivo ou Biblioteca Municipal
4. Medios de comunicación de ámbito local

5. Envío por correo electrónico ás asociacións debidamente rexistradas que o soliciten
6. Calquera outro medio que facilite a difusión de tales documentos.

## CAPITULO VIII

### DAS ASEMBLEAS VECIÑAIS

ARTIGO 34.- A Asemblea Veciñal é un órgano de participación directa de carácter informativo e consultivo respecto da actuación municipal.

ARTIGO 35.- A Asemblea será convocada polo/a Alcalde/sa ordinariamente como mínimo unha vez ao ano mediante bandos e medios de comunicación locais, e extraordinariamente cando así o demande o/a Alcalde/sa, por acordo da maioría do Pleno ou por solicitude asinada, co nome e DNI, por un mínimo do 3% dos veciños/as con dereito e capacidade legal.

ARTIGO 36.- Considérase constituída a Asemblea cando á hora e no local consignado estean presentes en primeira convocatoria un mínimo de 100 veciños e veciñas do municipio baixo a presidencia de dous membros da Corporación . De non haber quórum, a asemblea constituirase en segunda convocatoria 15 minutos despois.

ARTIGO 37.- A Asemblea adoptará os seus acordos por maioría. As súas decisións serán difundidas nos medios de comunicación locais e comunicados á primeira sesión ordinaria do Pleno da Corporación que se celebre.

## CAPITULO IX

### DO CONSELLO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL

ARTIGO 38.- O Consello de Participación Veciñal é un órgano de participación, información, seguimento, control e proposta de xestión municipal, referida aos distintos sectores de actuación nos que o Concello ten competencia. O Consello de Participación Veciñal crearase por acordo plenario.

ARTIGO 39.- O Consello de Participación Veciñal estará integrado polos seguintes membros:

1. Presidente/a : O/A Alcalde/sa ou persoa na que delegue.
2. Dous Vicepresidente/as, correspondéndolle unha delas ao Concelleiro/a delegado/a de Participación Cidadá, e a outra a un/ha representante dos colectivos veciñais.
3. Un membro de cada grupo político con representación no Concello.
4. Secretario/a da Corporación ou persoa en que delegue, que exercerá como Secretario/a do Consello de Participación Veciñal.

5. Un representante de cada unha das asociacións e colectivos cidadáns incluídos no Rexistro Municipal que o soliciten.
6. Un representante de cada unha das asociacións empresariais ou profesionais constituídas no Concello que o soliciten.
7. Un representante de cada un dos sindicatos que teña constituída agrupación local no Concello que o soliciten.

Os representantes das asociacións veciñais, dos colectivos cidadáns, das asociacións empresariais ou profesionais e dos sindicatos, designaranse anualmente polas entidades que representan.

Eventualmente poderán participar con voz e sen voto aqueles sectores, entidades ou persoas, cuxa presenza se estime necesaria para o tratamento de determinados temas, podendo requirirse a instancia do propio Consello, ou asistir por solicitude propia sempre e cando se admita pola maioría do Consello.

#### ARTIGO 40.-

1. O Consello reunirse ordinariamente unha vez por semestre, e, con carácter extraordinario, por convocatoria do seu presidente ou cando así o solicite un terzo dos seus membros.
2. Os acordos adoptaranse por maioría simple.
3. De cada reunión que se celebre redactarase unha acta na que consten os nomes dos membros asistentes, os asuntos examinados e os ditames emitidos.
4. Para a válida constitución do Consello, precisarase a asistencia da metade máis un do número legal de membros. En segunda convocatoria poderá constituírse o Consello sempre que estean presentes, polo menos, un terzo dos seus membros.
5. O Consello poderá dotarse dun regulamento de funcionamento que deberá aprobarse no Pleno da Corporación Municipal. Do mesmo xeito, poderá formar no seu seo as comisións de estudo que considere convenientes.

#### ARTIGO 41.- Son funcións do Consello:

1. Proporlle ao órgano competente fórmulas encamiñadas a resolver os problemas relacionados co ámbito das súas funcións.
2. Emitir informes por iniciativa propia ou do Concello, sobre materias da súa competencia.
3. Emitir e formular propostas ou suxestións en relación co funcionamento dos servizos e organismos públicos municipais.
4. Presentar iniciativas, propostas ou suxestións ao Concello, para ser discutidas nas comisións informativas municipais correspondentes.

5. Participar na xestión dos centros e instalacións municipais mediante representantes elixidos entre os membros do movemento asociativo.

ARTIGO 42.- O funcionamento do Consello axustarase ao previsto para os órganos colexiados no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. O voto dos membros do Pleno será persoal e indelegable, recoñecéndose o dereito dos discrepantes a formular votos particulares.

Ás sesións poderán asistir en calidade de asesores aqueles especialistas, técnicos ou persoeiros que a presidencia ou a maioría do Pleno consideren necesaria, que participarán con voz pero sen voto.

## CAPÍTULO X

### DA REGULACIÓN DOS ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS

ARTIGO 46.- O Concello promoverá un regulamento específico que desenvolva e defina as condicións nas que, de xeito progresivo, os diversos colectivos cidadáns poidan participar activamente na elaboración dos orzamentos municipais en materias que sexan do seu especial interese, que respondan a unha sensibilidade social claramente detectada ou obedezan a criterios de interese social.

### DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

#### PRIMEIRA

Aprobado este Regulamento de Participación Cidadá , no prazo de seis meses deberanse constituír o Rexistro de Asociacións Municipais, o Consello de Participación Veciñal e os Consellos sectoriais ou de áreas.

#### SEGUNDA

Transcorrido un ano de aplicación do presente regulamento , elaborárase un balance de funcionamento, propoñéndose, se procede, a modificación do mesmo, de forma que mellor se axuste á realidade e ás necesidades do municipio.

#### DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Desde a data de entrada en vigor deste regulamento quedan derogadas todas as disposicións contidas en ordenanzas e regulamentos municipais que se opoñan ao disposto no mesmo.

#### DISPOSICIÓN FINAL

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia, e tramitarase de acordo co procedemento establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.